

ORGANIZACIÓN DAS PRÁCTICAS CLÍNICAS NAS MATERIAS DE:

3º CURSO

Estas prácticas afectan ás materias Radioloxía I y II, Anatomía Patolóxica Especial, Anestesia, Reanimación e Dor, e Enfermidades Infecciosas Sistémicas e Microbioloxía Clínica, e deben coordinarse coa Práctica Clínica I.

O número de horas de prácticas cada día, así coma o número de días deberán axustarse ao número de créditos de cada materia.

O estudiantado organizase en tres grupos, cada grupo rota 2,5 semanas e realiza dúas rotacións, unha no primeiro semestre e outra no segundo. As quendas de rotacións na materia Práctica Clínica I son CAB e BCA.

4º CURSO

Estas prácticas afectan ás materias de Otorrinolaringoloxía e Bioquímica Clínica, e deben coordinarse coa Práctica Clínica II.

Dedicarase unha das cinco semanas de Práctica Clínica II para estas materias en cada semestre (primeiro semestre Otorrinolaringoloxía e segundo semestre Bioquímica Clínica). Cada grupo subdividirase en subgrupos en función do número de estudantes que irán rotando nas diferentes semanas. O número de horas de prácticas cada día, así coma o número de días deberán axustarse ao número de créditos de cada materia. As quendas de rotacións da materia de Práctica Clínica II son ABC e CAB.

5º CURSO

Estas prácticas afectan ás materias Medicina Preventiva e Saúde Pública, Oftalmoloxía, Dermatoloxía e Enfermidades do Aparato Locomotor: Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía. Rehabilitación, Neurofisioloxía Clínica e deben coordinarse coa Práctica Clínica III.

Para a súa realización reservárase unha das cinco semanas de Práctica Clínica III. Cada grupo subdividirase en subgrupos en función do número de estudantes que irán rotando nas diferentes semanas. O número de horas de prácticas cada día, así coma o número de días axustarase ao número de créditos de cada materia. As quendas de rotación da materia Práctica Clínica III son BCA e ABC.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MARTIN CARREIRA VILLAMOR, DECANO A DA FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/07/2025 17:00:07.

CSV: A064-3A91-4A1B-837A